

ESCOLA DA VIDA

## Educación: investimento ou gasto?

03.10.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Para o conxunto dos cidadáns de Galicia está claro: a educación é un investimento. Pero para o conselleiro do ramo parece ser un gasto, pois está facendo continuos recortes. Cerna o número de profesores que asisten os alumnos con características especiais, mutila o sistema de axudas para libros, restrinxo o número de profesores das Escolas Oficiais de Idiomas?. e, no entanto, proporciónalles diñeiro aos centros que incumpren os criterios da coeducación.

Que o conselleiro é economista xa o sabemos, pero que se manexa como un contable estámolo vendo. Que diferenza hai entre ser o primeiro ou o segundo? Os pedagogos estudan unha materia que se chama Economía da Educación, que ten entre os seus obxectivos os de coñecer as teorías e instrumentos de análise aplicables aos fenómenos económico-educativos, e de analizar e valorar os efectos da educación e da formación nas actividades económicas e no desenvolvemento das sociedades. Así pois, un economista que tivese uns bos coñecementos do que supón a Educación, podería dar un bo conselleiro. Porén, se non coñece o campo educativo e utiliza os seus datos económicos como un contable, é dicir, tira de aquí para pór alí, considerando que todo ten o mesmo valor, o resultado final é un verdadeiro despropósito.

E se, ademais, cre que son os demais os que están equivocados (políticos da oposición, pais, persoal educativo de todos os niveis e, incluso, os funcionarios e asesores que estiveron regulando o sistema ata a súa chegada) está deixando ver que a súa capacidade como político é indiscutiblemente insuficiente.

No polo oposto, posiciónase o actual ministro de Educación, poñendo en marcha opcións que pretenden mellorar o sistema e enviando a mensaxe certa de que debemos investir aínda moito nel para pasar do 0,028% do PIB en que se atopa agora España para acadar o afastado 0,25% da media da UE.

O conselleiro-contable parece non querer ver os toques de atención dos informes da OCDE ou do PISA. Máis diñeiro investido en Educación son mellores instrumentos para o seu proceso, máis formación para o seu persoal, máis medios para avanzar no desenvolvemento socioeconómico, etc. A educación dos mozos de hoxe suporá melloras para a sociedade do mañá. A educación non se improvisa.